

de 2005 celebrouse na Universitat de Barcelona o VII Congreso Internacional de Estudios Galegos da AIEG (Asociación Internacional de Estudios Galegos), que reuniu máis de 130 poñentes de todo o mundo nos estudos galegos (literatura, lingua, historia, filosofía, estudos migratorios, artes, xeografía, antropoloxía...), especialmente daquelas universidades onde existen Centres de Estudios Galegos. Nesta edición propúxose traballar desde visións teóricas actuais e desde a transversalidade dous temas: «Mulleres en Galicia» e «Galicia e os outros pobos da Península». Nas sesións plenarias participaron especialistas ben recoñecidos no seu ámbito, como o medievalista Giuseppe Tavani, os historiadores Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro (presidente da Real Academia Galega), Enric Ucelay da Cal, Pilar Cagiao, os especialistas en comunicación e tamén escritores Margarita Ledo, Víctor Freixanes, a artista María Ruído, e un dos novos referentes das teorías de xénero, Beatriz Suárez Briones. Tamén interviron no congreso a lingüista Rosario Alvarez, que acaba de ingresar na Real Academia Galega, Arturo Casas, o profesor de literatura hispanoamericana da University of California Santa Barbara, Víctor Fuentes, os investigadores cataláns Joan Solà, José Enrique Gargallo, Víctor Martínez-Gil e os escritores e investigadores Xosé A. Neira Cruz, que vén de estar traducido ao catalán, María do Cebreiro e Imma López Silva, último premio Xerais de novela. Esta intensa e multidisciplinar actividade converteu a Barcelona e Cataluña nun fórum investigador de referencia dos estudos galegos. Durante o congreso celebrouse unha sesión de homenaxe ao finado Xoán González-

Millán, profesor do Graduate Center de Nova York, que foi Presidente da AIEG. Así mesmo procedeuse á elección da nova xunta directiva da AIEG, que será presidida ao longo do vindeiro trienio anos polo catedrático da Universitat de Barcelona, Dr. Basilio Losada. A vindeira edición do congreso terá lugar no ano 2006 na Universidade Federal de Salvador de Bahia, organizado pola Dra. Rosário Suárez Albán e Anna Maria Nolasco . [H. G./ M. X. L.]